



# RUXE RUXE



IES Aquis Celenis  
Xuño 2007 N° 9





# ÍNDICE

Editorial	PÁX.	3
O magosto	PÁX.	4
O Entroido	PÁX.	6
Entrevista a Antonio Rivas	PÁX.	8
Banda deseñada	PÁX.	10
Amor ou violencia	PÁX.	12
Viaxe a Londres	PÁX.	14
Teatro en Lugo	PÁX.	18
Unha obra para non esquecer	PÁX.	20
Arte e teatro en Compostela	PÁX.	22
De gala no instituto	PÁX.	24
Arte do debuxo	PÁX.	29
PREMIOS LITERARIOS <i>Aquis Celenis</i>		
ESO	Poesía	PÁX. 33
BACH.	Narrativa	PÁX. 34
Monólogos: <i>Cántame unha batalliña</i>	Poesía	PÁX. 40
<i>A clase real</i>		PÁX. 41
<i>O amor da miña vida</i>		PÁX. 44
Frases de profes		PÁX. 48
DLG: María Mariño Carou		PÁX. 50
LÍRICA V / III / MMVI		PÁX. 52
NARRATIVA		PÁX. 54
<i>¡Non queremos ser demostrativos!</i>		PÁX. 56

# EDITORIAL

Seguimos querendo ser un país completamente normal. Desexamos ser unha nación que non teña que agochar o seu idioma por prexúizos irracionais. Por iso fixemos entre tod@s este novo número con colaboracións moi amenas e incluso chocarreiras.


Pola parte que lles toca ás ilustracións, seguro que o estilo gótico dalgunhas sería do gusto de Rosalía ou Allan Poe. A Redacción está moi satisfeita con todas as achegas que se fixeron por parte do alumnado, aínda que fosen a última hora, para que o número de Ruxe-Ruxe deste curso saia adiante, e antes de que acabe o curso!

Con pena despedímonos dun equipo directivo ao que se lle colleu moito cariño e a outras persoas que foron consolidando o uso do galego nos diversos ámbitos do centro nos que o noso idioma estaba ausente. Sería inxusto ignorar o feito de que máis da metade das persoas deste instituto é galegofalante.

Tamén dicimos adeus a algúns profesores que mudan de destino. Seguro que deixan un cachiño de corazón en Caldas, no seu instituto.

RUXE-RUXE Nº 9

IES AQUIS CELENIS




<http://centros.edu.xunta.es/iesaquiscelenis/Normalizacion/Entrada.html>

iesaquiscelenis.blogspot.com

# O MAGOSTO

O venres, 17 de novembro, celebramos o día do magosto. Despois dos preparativos, fartámonos de castañas cocidas e asadas mentres escoitabamos a algúns membros da **banda Domingo Fontán**. O grupo está composto por uns cincuenta integrantes que forman parte do coro, grupo de baile rexional e a devandita banda, ademais dun grupo folk.

Esta banda tocou en diversos lugares da península, como Alacante, Madrid, Portugal... e, por suposto, por toda Galicia.



O recoñecemento do que goza a banda de Domingo Fontán conseguiuse e conséguese grazas aos intensos ensaios das tardes dos venres e sábados. Todo este esforzo, responsabilidade, constancia e dedicación dos compoñentes da banda vese recompensado con excursións que, verdadeiramente, pagan a pena.



O magosto é unha festa tan antiga como a xente que poboaba estas terras, nas que se celebra a colleita dun froito que en tempos era parte do alimento que había para aturar o inverno.

**1º E. BACH.**

## O ENTROIDO

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe: algúns pensan que vén da tradición celta, outros afirman que ós comezos desta festa poden atoparse na adoración a

Baco ou Dionisos . O Entroido é unha festa popular que ten a súa orixe como indicación da fin do inverno e o comezo da primavera. Nel conflúen rituais cristiáns e pagáns, sendo a época na que se poden romper tódalas normas, cambiar de personalidade ou identidade e ironizar sobre as institucións máis asentadas. É, sen dúbida, a festa máis irreverente do calendario galego.

Os carnavais más famosos do país son sen dúbida os ourensáns. Laza, Verín e Xinzo convértense por uns días nas capitais de Galicia. Os peliqueiros e cigarróns centran a atención dos visitantes, pero a dúbida asalta ao preguntármonos pola súa orixe: hai quen di que veñen dos cobradores de tributos dos condes de Monterrei, que posuían unha zamarra coa que castigaban aos morosos que non pagasen a tempo. Porén, tanto Vicente Risco coma Bouza Brey viron neles unha orixe moi máis antiga. Risco cría que proviña das asociacións secretas primitivas ou de ritos sagrados e Bouza supón que as súas orixes pertencen á prehistoria, coma unha evolución de vellas ceremonias tribais.

Tempo para a diversión e para o bo xantar..., porque outra componente importantísima do Entroido galego é a gastronomía: o lacón con grelos como prato forte, acompañado de doces como as orellas ou as filloas, son as comidas típicas destas festas.




“Pantalla” no Entroido de Laza, Ourense.



Este ano, no noso instituto, houbo inda máis rapaces disfrazados có ano pasado. Presentáronse diferentes estilos de disfraces,

desde bebés ata ninfas; mesmo os profesores se disfrazaron participando co alumnado.

Entre todo o alumnado e o profesorado organizouse un concurso de disfraces, aos que se presentaron a maioría dos rapaces vestidos cos seus traxes de Entroido. Todos os disfraces foron moi orixinais, moitos deles feitos polas mans dos mesmos rapaces, dándolles así grande importancia a estes.




Este día de festa para Galiza é moi importante para todos, unha tradición que nos acompaña e acompañou durante moito tempo e que non deberíamos perder co paso dos anos.

*Susana, Patricia e Marta,  
disfrazadas de ninfas.*

**Susana Barreiro, Patricia Vázquez e Marta Álvarez. 1º D. BACH.**

## ENTREVISTA A ANTONIO RIVAS

O seu rostro é recordado con agarimo polos antigos alumnos (e polos novos) de Física e Química. Toca a guitarra eléctrica ó estilo de Hendrix, e o máis importante: quere falar galego dentro e fóra da aula.



Pregunta: ¿Cantos anos leva dando clase?

Antonio: Vinte e tres anos.

P: ¿Estivo sempre neste IES?

A: Neste só levo dezasete, mentres que seis os dei outros centros.

P: ¿Do tempo que botou aquí, cantos anos leva usando o galego?

A: Dous anos, dende que regresei da Consellería de Educación.

P: ¿Por que ese cambio?

A: Por dous motivos: por inercia (era o meu idioma na Consellería) e por adaptación ó alumnado.

P: ¿Séntese cómodo impar-tindo as clases en galego?

A: En xeral si. A pesar disto teño máis axilidade pensando en castelán.

P: ¿O galego ocupa todos os intres da súa vida?

A: Non, só profesional-mente ou cando o interlo-cutor é galegofalante.

P: ¿No tempo que traballou na Xunta, observou o uso que se facía do galego?


A: O 99,99% do que falaban ali era galego.

P: ¿Que opina dos avances científicos de hoxe en día?

A: A produtividade científica é inmensa; o futuro depárano moitas sorpresas. É apaixonante, aínda que a brecha entre a ciencia e a poboación se está abrindo demasiado.


P: ¿Amólalle a carencia de vocabulario técnico?

A: Prodúceme tristeza pero... hai máis científicos casteláns.



**Imitando a Einstein**


~~Que non vos engañen,  
podemos cambiar el mundo!!~~




Industria peleteiral



Contaminación



Corrupción urbanística



Prostitución infantil




Esteriotipos

otrafularius



Rebaixada  
0'7% desconto

NENOS SOLDADOS




DISCRIMINACIÓN LABORAL

CAIXA




DESIGUALDAD



EAT

# Amor ou violencia

Un día, prendéuselle a lámpada a Lois e dixo: "Oes?, vou ir propoñerles aos de 1º E unha representación sobre a violencia de xénero". E non tardou moito en ir, porque chegou cunhas enerxías... E dixo: "Queredes facer algo en representación do día da violencia?". "Ei, que boa pregunta, Lois!", pensou Eva. E continuou "A ti, Eva, non che gusta o teatro? E a Alberto tamén, non? Hala, pois xa teño a



muller e o home para a representación". "Pero, que me estás contando, Lois? A min non me gusta o teatro!", dixo Alberto. Ao final, acabámolo facendo. Si, si, a representación (mal pensados...).

Comezamos facendo o diálogo á primeira hora do luns no que tiñamos que dicirnos palabras cariñosas, así como 62 veces "Ámote" (pero que deberían ser 63, xa que unha muller fora asasinada a noite anterior). O caso foi que, á hora do recreo, chegou o momento da actuación. Baixamos para o corredor e Rocío tívose que tombar no chan para debuxar a figura en xiz, representando un cadáver. Despois diso, Jeannina leu o seu monólogo sobre o maltrato. Logo, tocounos a nós. Entramos na "zona acordoadas" e puxemos unhas fundas brancas cunha letra nas costas: M e H, facendo referencia ós dous sexos.

A priori, estabamos de costas e mirabámonos por riba do ombro. Xirámonos e colocámonos fronte a fronte, ollándonos con tenrura. Empezou Alberto dicindo unha frase e alternabámonos ata chegar aos "Ámote" que os nosos compañeiros de clase ían contando en alto. Rematamos na calor dunha aperta, rodeados do son dos aplausos.

En conclusión, este foi un acto en memoria das mulleres asasinadas a mans das persoas (acaso merecen ese nome?) ás que aman, e en honor de todas as que corren perigo día a día de sufrir ese mesmo destino. Amar non é maltratar, amar é respectar, comprender, mimar... e todo aquilo que non garde relación con ferir. Cambiemos os golpes por apertas, as puñadas por bicos e a violencia polo afecto.

## NIN UNHA GOTÁ MÁIS DUNHA MULLER MALTRATADA

P.D.: queremos que este texto vos faga reflexionar sobre o futuro, que pensedes, tanto homes coma mulleres, antes de actuardes.

**Alberto González Domínguez e Eva G. Torrado. 1º E. BACH.**

# VIAXE A LONDRES (I)

A soleada mañá do 24 de abril, moit@s de nós emprendemos unha viaxe que nos levaría a Londres durante catro días.

Antes de subirmos ó autobús tod@s estabamos moi content@s porque serían varios días sen colexió, nin pais, nin profes; todo o contrario dos

nosos pais, que, áinda que nos perderían de vista uns díñas, non puideron evitar botar algúns que outra bágoa cando subimos ó autobús.

Unha vez alí, comezamos a animarnos e a facer plans para a nosa visita á capital inglesa. No aeroporto de Santiago facturamos as maletas e esperamos un anaco ata em-



barcar. Namentres, estivemos sacando unhas fotos con King África, e tralos minutos más longos das nosas vidas, embarcamos e voamos rumbo a Londres. Moit@s estaban ata nervis@s porque era a primeira vez que subían nun avión.


Case dúas horas máis tarde do previsto, chegamos ó aeroporto de Stanstead e outro autobús (con cintos de seguridade e todo) levounos ó Royal National, un hotel moito más xeitoso por dentro que por fóra. Ali, distribuíronnos as habitacións e comezou a armarse o rebumbio: xente dun lado a outro, tol@s de content@s, entrando e saíndo das habitacións...

Á noite fomos dar un longo paseo pola famosísima Picadilly Circus e, antes de regresarmos, deunos tempo a que uns simpáticos artistas nos realizasen unhas caricaturas. Se tivesemos volvido un chisquiño máis tarde, veríamos a Fergie, si, si, a famosa cantante que esa noite actuaba nunha coñecida discoteca da inmensa e nova cidade. Mágica!!!


Esa noite, atopámonos no hotel cun grupo de mozos de Valga, cos que falamos mentres algunhas durmían coa porta aberta, suxeitada por unha zapatilla para que a porta non se pechase, xa que as tarxetas da habitación estaban dentro. Pero, a pesar diso, tivemos varios problemas con elas: “We left de *tarjet* in our room”, o que nos fixo visitar a recepción máis dunha vez na noite, provocando varias discusións por ver quen era a culpable.

Malia regresarmos non moi tarde, o día seguinte foi duro: o sono sumouse ó cansazo da noite anterior. Neste día, visitámo-lo mercado de Candem, moito máis grande do que tiñamos pensado, e un pouco hippy e gótico, aínda que con cousas moi chulas. Ó vérmonos con cartos nas mans, comezamos a gastar “sen rumbo” (verdade, rapazas), pero o más divertido foron os “desfiles” que faciamos con cada modeliño que mercabamos. Tan libres coma pombiñas, falamos o noso estupendo “English”, e incluso nos entrevistaron uns bombonazos que estaban a facer unha reportaxe para a televisión valencíá. (Amunt Valencia!!!!). Esa noite, como non, tamén houbo movida: despedímonos duns cántabros, cos que fixemos boas migas, e que marchaban ó día seguinte.

Pero, se ese día foi duro, o seguinte, aínda máis: esperábanos un día sen descanso. Estivemos nos lugares máis emblemáticos da capital: Trafalgar Square (páx. 16), o Big Ben, o Tate Modern, o London Eye, ó que subimos e gozamos das fermosas vistas durante uns minutos... Mais o que máis nos gustaron foron os monumentos que ían pola rúa, e ós que por suposto tamén lles sacamos fotos. Tamén viaxamos en barco, que, inda que non ía demasiado rápido, nos permitía descansar un pouco, xa que estabamos esgotad@s, e ó mesmo tempo observar unha fermosa panorámica da cidade.



A mañá seguinte resultou a máis artística: visitamos unha morea de museos. Comezamos polo British Museum, onde tras vérmo-las impresionantes mostras de diferentes artes, mercamos algúns recordos. Ali coñecemos outros galegos que viñan a xogar un partido de baloncesto, xa que tiña unha bolsa de estudos. Despois, collemos unha vez máis o metro e pola tarde estivemos no Natural History Museum. Pero o que máis nos gustou non foron os dinosauros, nin as baleas, nin nada diso, senón os guapísimos cataláns cos que coincidimos nunha das salas, e que por casualidade estaban aloxados no mesmo hotel ca nós (xa sabedes, cousas do destino). Estivemos falando un bo anaco con eles, e comprobamos que a mala fama que teñen non é certa. Pola tarde paseamos polas rúas más exclusivas da cidade, entramos no famoso Harrod's, e máis tarde camiñamos polo Hyde Park, moi fermoso, á tardiña.



Convencemos a Pedro para que pola noite nos deixase dar un último paseo e así foi. Baixo o mando de Cristina, percorremos unha vez máis Picadilly Circus e os seus arredores, agora sen profesores ata pasadas dúas horas, xa que nos criamos capaces de orientarnos na cidade sen a súa axuda. Volvemos ó hotel en taxi, moi diferentes dos de aquí, e outr@s andando cos profes. Ali, non sei se sería a tristura ou que, pero ningunha logrou durmir. Pese a algunha bromiña, logramos quedar cos cataláns que coñeceramos pola tarde, e cos que estivemos falando ata poucos minutos antes de marcharmos.

As doce do mediodía voltamos de novo á nosa Galicia, moi content@s pola fantástica viaxe, pero á vez desexando volvermos vivi-las increíbles experiencias que nos ocorreron na fermosa cidade. Fora a mellor viaxe das nosas vidas, non só polos bos momentos que vivimos senón tamén polas amizades que fixemos dende entón.

**Alumnas de 4º ESO, adicado á súa clase**

# VIAXE A LONDRES (II)

Estivemos en Londres dende o 24 ó 28 de xuño. Connosco foron Ramón, Pedro e Socorro. Quedamos en Caldas ás 10 da mañá para coller o autobús que nos ía levar ata o aeroporto. Unha vez alí, facturamos e embarcamos no avión que nos levaría á cidade do Thames. A viaxe durou case dúas horas e non tivemos ningún problema, só un pequeno susto na aterraxe porque o avión volveu elevarse a poucos metros de aterrizar.



Hospedámonos nun hotel moi grande chamado Royal National, e despois de descansarmos un pouco, fomos coñecer unha parte da cidade dirixidos por Pedro, que dominaba moi ben todo aquilo. Visitamos Picadilly e o barrio do Soho, que foi o que máis nos gustou. O segundo día fomos a Candem Town, que é o mercado máis famoso de Londres. Alí

compramos moitas cousas e a maioría dos agasallos para os nosos familiares. Á tarde fomos ata Covent Garden, unha zona viva de Londres con actuacións na rúa e unha importante actividade comercial. O luns resultou o día máis denso pois vimos a maioría dos lugares turísticos da cidade. Entre outras cousas visitamos o British Museum, o Big Ben, subimos a London Eye, logo vímo-lo Museo de Ciencias Naturais e a continuación entramos en Harrod's... Ó remate do día estabamos moi cans@s. O derradeiro día xa non pegamos ollo, fixémo-las maletas e, despois, a durmirmos no aeroporto. A viaxe de volta foi mellor xa que viñamos más cans@s e chegamos a Caldas ás doce e media da tarde.

Jessica Ferro Portas. 1º E. BACH.

# Teatro en Lugo

Os alumnos de Lingua Latina de 1º e 2º de Bacharelato, coa compañía dalgúns alumnos da ESO, foron a Lugo a finais de abril. Os profesores acompañantes: Loli Castro e Ramón Cruces. Ían ver dúas obras de teatro, unha a mañá e outra a tarde, polo que estiveron en Lugo todo o día. A obra da mañá era unha traxicomedia titulada *Las fenicias*, de Eurípides, e a da tarde, unha comedia moi entretida polo que comentaban ó día seguinte; o seu título: *La Cestita*, de Plauto. Actuaba un grupo de afeccionados madrileños.



*Las fenicias* trataba sobre unha familia en guerra constante porque os dous irmáns protagonistas confrontáronse a morte polo trono que lles deixou en heranza o seu pai. O trato era que Polinices gobernaba un ano e ó seguinte, Teocles, pero aquel rompeu o trato e este reclamaba o seu. A súa nai, Iocasta, desolada, intenta impedir a morte destes pero nin ela nin a súa filla Antígona chegan a tempo. A nai suicídase por desesperación e a filla volve co seu pai, cego e vello, de nome Edipo.

*La Cestita*, de Plauto, era unha comedia moi entretida que provocaba nos espectadores unha risa constante. Trataba dun rei que violou a unha muller e casou con outra. Ao morrer a súa muller volveu en busca da que violara pero cando atopou levou unha sorpresa xa que aquela muller tivera unha filla daquel encontro e, como el casara coa outra, mandouna regalar. Esa rapaza atopouna unha muller que se dedicaba á prostitución e, como unha coñecida quería ter un fillo, regaloulla. Buscárona desesperadamente



e ao final atopárona. Nesa segunda obra había un personaxe narrador, que facía de deus, e era quen contaba un pouco a historia.

En fin, todas as persoas que asistiron a esas dúas representacións saíron moi contentas e a crítica que daban era boa. Á maioría da xente gustoulle máis a obra da tarde, *La Cestita*, porque era unha comedia moi entretida segundo eles, aínda que tamén lles agradou a traxicomedia da mañá.

Este é un breve resumo de todo o que fixeron en Lugo: saíron de Caldas ás 9:15 e chegaron alá ás 11:20. A primeira obra comezou ás 12:00. Logo, ás 14:30, pasaron polas Murallas de Lugo e ían ver a Catedral pero non o fixeron. Entón foron comer e tiveron tempo libre ata as 16:45 xa que tiñan que ir ao auditorio para ver a segunda obra de teatro, que comezaba ás 17:00. Chegaron a Caldas ás 20:10.

**Andrea Bouza Gómez e Graciela Esperón Iglesias. 1º D. BACH.**


## UNHA OBRA PARA NON ESQUECER

Este ano as alumnas e alumnos de 3º ESO non tivemos moitas saídas pero, dende logo, esta non a esqueceremos. Fomos ver unha obra de teatro a Santiago na Sala Yago con Ramón Cruces e Pedro López. A peza era unha adaptación, en galego e ambientada hoxe en día, da coñecida obra Romeo e Xulieta, de Shakespeare, que interpretaba o grupo Teatro do Noroeste.


Cando comezamos a entrar no teatro e vimos a escenificación que había, quedamos abraiados xa que o escenario estaba composto de dúas estadas móbiles e nelas estaban tódolos actores subidos sen se moveren para nada. Soaba unha música que ata a algúin fixo bailar.

No momento en que empezou, todos/as quedamos cativados/as pola representación (sobre todo nas esceñas en que os actores estaban de bo ver). Supoñemos que xa coñecéde-la obra; pero, se non é así, comentá-mola un pouco.

Os Capuleto e os Montesco son dúas familias enfrentadas pero estas acaban unindo os seus fillos, Xulieta e Romeo, co seu namoramento, que tiñan prohibido. Isto causou a morte de varios familiares e amigos de cada un deles, ata que ao final Romeo e Xulieta acaban morrendo porque Romeo se suicida porque pensaba que a súa amada morrera. Cando esta esperta tralos efectos dunha beberaxe e ve o seu amante sen vida, tamén se mata. Pola morte de Romeo algunas choraron e seguro que, se a volven ver, chorarían outra vez.




De regreso ao instituto, moitas compañeiras viñeron lamentando a morte do noso querido Romeo, o cal nos fixo chorar e mais nos alegrou o día. E os noso compañeiros tampouco viñeron moi descontentos porque segundo eles Xulieta estaba moi ben de corpo.



**Lucía Caeiro Fresco e Lorena García Rodríguez. 3º ESO**

# Arte e teatro en Compostela




Ao entrarmos no centro socio-cultural Caixa Galicia fomos a unha sala onde unha monitora nos explicou un pouco o que íamos ver sobre a película de debuxos. Despois leváronnos a unha serie de salas onde había cadros e bocetos de Miguel Anxo Prado, o autor. Os bosquexos estaban feitos a lapis en anacos de panos de mesa de papel e en todo tipo de papeis. Os cadros realizounos con pintura acrílica e o tema principal é o mar. As formas pouco diferenciadas facían parecer que os cadros estivesen baixo a auga e tivesen un gran realismo. Nunha das salas, xa no final, puxéronnos un documental sobre como se fixo a longametraxe *De Profundis* e explicáronnos a axuda que as novas tecnoloxías achegan a este tipo de proxectos (películas de animación).

Logo fomos ao Salón Teatro, tamén en Santiago, onde vimos a obra de teatro de Cándido Pazó *A piragua*, interpretada por varios actores do Centro Dramático Galego. A maioría deles son artistas que traballan en series da Televisión de Galicia.

Na obra abúndase no tema do machismo no ámbito familiar, que ás veces crea discusións na parella, e as consecuencias que este trae, que sempre son graves ou moi graves. A piragua vale como exemplo de como pensan ainda moitos homes: do esposo machista non entende como un dos seus veciños garda unha piragua na súa propia praza de garaxe e aparca o coche fóra. As prazas de garaxe, e non as piraguas, son para os automóbiles porque “sempre foi así”; así pois, tampouco se separan as mulleres dos homes inda que haxa problemas de relación na parella porque “sempre se fixo así”.

Tamén se reflicte o esforzo que ten que facer un grupo de actores novos para poderen saír adiante.



A historia acaba cun final tráxico, fatal, xa que a protagonista que sufría o machismo queda en cadeira de rodas polo maltrato do marido e este acaba asasinando o veciño da piragua nunha arroutada de celos.

Santiago Gambón Cerdá e Adrián Magariños Casal. 1º A. BACH.

# DE GALA NO INSTITUTO



O día 8 de xuño, case desde o inicio de primeira hora da mañá, houbo unha festa rachada no Instituto. Comezou o segundo concurso de monólogos *Palabras en Liberdade*, que se leva preparando todo o ano nos tres primeiros de bacharelato A, C e E baixo a dirección de Lois Gil, alias Magariños. Os/As monologuistas fóreronse alternando con interpretacións de grupos de alumnado de 1º A, B-C-D e F adestrado pola batuta de Pedro, que se presentaban ao concurso musical *Con ton e son*.

Cando acabaron, máis xente de 2º de bacharelato, que veu amablemente a participar malia estar a prepara-la Selectividade, interpretou un pequeno recital musical que gustou moito ao público, que, por certo, suaba a pinga gorda pola calor que ía en Usos Múltiples xa que estaba

petado de xente, as ventás estaban ocultas polas cortinas para lograr crear escuridade e lembrade que onde estabamos vén sendo a parte do edificio que recibe directamente os raios de sol. Por triplicado, vaia. Logo prepararon todo, mentres a xente viña de toma-lo aire de fóra, no descanso, para ve-la dramatización a obra de teatro de Pedro López Salgado (*Clásico drama*), que



alumnado de 1º B-D ensaiou baixo a dirección do propio Pedro, tremendo autor teatral, e coa colaboración inestimable de Pedro Lamas, Chema e Xosé Candal. Algúns dos actores e actrices do alumnado quitaron a careta para facer unha das súas mellores actuacións en moito tempo, abofé.

Entón, chegaron os premios dos dous concursos anteriores e mais do literario, que veredes más adiante. O primeiro premio de *Palabras en Liberdade* levárono Sonia




Cancela, Andrea Gómez, Lorena G. Marán, Pablo Miranda e Ana Rial por *A clínica do doutor Roxo*. E o segundo e terceiro premios recaeron en David Diéguez Souto, cos monólogos *Leyendas urbanas* e *Cosas de niños*.

En canto a *Con ton e son*, gañaron o primeiro premio Carla Muñiz, Jorge Vega e Damián Roma por unha composición de escala pentatónica; os segundos e terceiros foron, respectivamente, para Paula Lodeiro, Ana Troche e Merche González e mais para Carlos Casal, César Turnes e Manuel Conles por composicións de escala maior-menor. Parabéns. Ah!, a informática e os libros foron as estrelas dos contidos dos regalos.

Ao que rematou a entrega de premios, feita por Lois, Xosé, Pedro Lamas e Ramón, tod@s saímos ao corredor para ver e escoita-lo grupo de alumn@s de 1º B-C-D-E, que interpretaron composicións da súa colleita e, logo, con Pe-

dro, Antonio e Ramón, unha canción de The Beatles (*You've got to hide your love away*) e outra dun ex beatle, John Lennon (*Imagine*), que falan da situación de rexoitamento que os homosexuais teñen que aturar e mais do desexo da paz no mundo, respectivamente. @s que cantaban pasárono en grande e non pararon de rir mentres interpretaban estes temas.




Así que lle chegou a vez ao grupo de pop **Os Centolos**, composto por alumnos de segundo de bacharelato. Tocaron varias cancións do seu repertorio baixo a batería de Rubén Darío, o baixo de Piki, a guitarra de David e coa voz de Nuria Varela. Por suposto, o público pegado ás paredes e o das escaleiras coreou e levou o ritmo coas palmas arreo.

En estreita colaboración a través do material de amplificación cun grupo creado por Teresa Carballo á voz e outros dous profesores á guitarra, Antonio Rivas e Ramón, denominado curiosamente **Capitán Foguete**, arrincaron cun blues de Eric Clapton só coas guitarras e a voz, ao que seguiron as versións doutros temas roqueiros (Green Day, Foo Fighters, The Knack, Deep Purple) coa axuda na batería de Rubén Darío e unha batería “parva”, pregravada. Antes Antonio comunicara a súa despedida do centro, e maila de Ramón Cruces, deixando ambos claro que o seu instituto sempre será o de Caldas.

A cantidade e calidade dos aplausos que se oíron o 8 de xuño no instituto agradécese por toda a xente que dun xeito ou doutro participou nesta festa da cultura libre, que realmente fomos tod@s. Case non faltou ningúén, agás @s de segundo de bacharelato que andan estudando para a Selectividade. Que aproben os exames!





Antía Guimarey Formoso. 3º ESO







## VIII CONCURSO LITERARIO AQUIS CELENIS

### PRIMEIRO PREMIO DE POESÍA – ESO

#### *O castiñeiro*

Dende que era pequeniña  
sempre vin alá ó lonxe  
aló, no alto do outeiro  
unha árbore moi fermosa,  
algo do máis feiticeiro.

Pregunteille a miña avoa  
que era iso, que era aquilo;  
respondeume miña avoa  
que era un vello castiñeiro.

Fun medrando e vino sempre  
indo soa ou con xente  
e agora que xá non teño  
ó meu carón a miña avoa  
e quero ter un recordo ledo  
miro ó alto do outeiro  
e aí está ese vello castiñeiro.

Só agardo e desexo  
que dentro de moito tempo  
poida eu ensinarlleis  
ós meus netos  
o meu vello castiñeiro.



Carmen Torres Moreiras. 3º ESO

PRIMEIRO PREMIO DE NARRATIVA – ESO



# O Camiño das Estrelas



Tería sobre catorce anos. O pelo castaño escuro, os ollos verdes e baldeiros, a cara cansa a pesar da miña curta idade e a boca pequena e un tanto velenosa... ¿E que boca non o é a esa idade?

Pertencia a unha tribo máis antiga ca o mesmo Homo Sapiens Sapiens, tal vez nacera polos neandertais e quizais esa era a razón do pouco avance no que en ciencia se refire; fiabámonos moito das nosas tradicións: as mulleres na casa a coidar dos nenos e os homes a mante-lo alimento da familia. Xa eramos conscientes de que pronto os gregos que se achegaban polo leste ían arrasar a nosa pouca cultura pero ós vellos o único que lles importaba era que as tradicións se cumprisen e punto, nada máis.

A min isto non me gustaba nadiña. Eu era unha rapaza soñadora e rebelde, estaba sempre no meu mundo e non tiña tempo de tradicións. E isto, a meu pai e ós vellos da aldea inda lles gustaba menos. A miña nai e a miña avoa non dicían nada. Eran mulleres, ¿que podían decir que ós homes non lles parecese "estúpidas cousas de mulleres"? Prefiro pensar que eran cousas da época...

Pero un día... A miña vida cambiou... Xirou cento oitenta graos. Cambiou tanto que nin imaxinas dende ónde escribo isto.

O "gran cambio" digamos que empezou un día de verán pola mañá. Aquela noite tiven un soño ben estranxo que áinda hoxe non consigo recordar de todo... os berros da miña nai interrompérono:

- iNena! iVeña, levántate xa! iTes que ir buscar auga!
- Ummmm...
- Non sexas lacazana, muller. iAi! Pobre do home que te leve.
- V-vou...

-¡Apúrate! ¡Despois teu pai bótame as culpas a min porque non está a comida cando el chega!

Para ir buscar auga non había que camiñar moitos quilómetros... de feito, creo que non había máis dun... Ó mellor eran tan só novecentos metros... Pero o camiño era tan custoso que ben tardaba corenta e cinco minutos en ir e volver. E alá fun. Agarrei os dous cántaros e avancei camiño arriba ata o manancial.

Mentres enchía un dous dos cántaros e miraba distraída entre as árbores, pareceume ver unha pequena luz por entre a herba. E como daquela era moi impulsiva, ¿adivinades que fixen? Claro está: fun ata onde vira a luz. Xa alí, rebusquei e rebusquei, pero non atopei de onde viña o resplandor. Cando volvía cara ao manancial vireime, pero xa non se vía. Mais cando dei a volta púxoseme a cara branca... Un dos cántaros caera ao chan e rompera... Meus pais íanme matar en canto chegase.

Aquela tarde quedei "castigada" e tiven que axudar a miña nai a todo o que ela me dixese. Dúas horas a rañar nunha pel por culpa do cántaro do demo. Durante esas dúas horas odioi a cerámica más ca nada no mundo. Pero o que máis me molestou é que non puidese ir escouitar as historias da viúva do antigo mago da tribo. Aquela si que era unha persoa interesante. Sabía moito más ca moitos homes, e incluso penso que sabía más ca seu home. O que máis me chamaba a atención daquela muller non era só a súa intelixencia, senón a tranquilidade que mantinha nas liortas más grandes e ese misterioso sorriso que sempre tiña cando me miraba. É que a min contábame todo aquela muller. Confiábame moitos segredos que a calquera da tribo escandalizarían, e iso facíame sentir especial. Pero realmente tíñalle cariño... O resto da tribo tan só a respectaba por ser a viúva dun dos mellores magos que houbo; case todos pensaban que era unha desvergoñiada e que estaba tola. Eu coñecíaaa ben, e podo dicir que era moi boa e moi comprensiva.

Aquel día, cando acabei tódolos traballos ó solpor e saín da tenda familiar para tomar un pouco o aire, ela estaba xunta unha das árbores da fraga más próxima á aldea; souben que me estaba agardando. Achegueime mentres via como se acentuaba o seu sorriso a cada paso que daba.

-Ola, Estreliña (era unha especie de alcume que me tiña).

-Ola, señora.

-¿Por que non fuches oír as miñas "andrómenas"? Estívente agradando pero non viñeches.

-Eh... Síntoo, pero rompín algo e meus pais tivéronme a traballar toda a tarde.

-He, he. Seguro que o merecías. Pásanche esas cousas por seres tan despistada, Estreliña. E soñar esta ben, pero ás veces hai que pór os pés no chan e estar ó que hai que estar.

-Outra coma miña nai...

-He, he, he...

De súpeto, agarroume do brazo e tirou ata que a miña orella estivo a carón da súa boca.

-Estreiña – baixou a voz –. Estate atenta ó ceo esta noite. Cando as nubes deixen visible á Lúa, espérote aquí mesmo.

Foise. Debín quedar cunha cara de parva que, se dese a volta, dáballe a risa. E alí estaba outra vez, entre a herba, a estraña luz. Estaba a punto de volver perseguita cando miña nai me chamou para que a axudase a face-la cea. Non me quedou outra que esquecerme da luciña.

Tanto a súa preparación como a cea sucederon sen incidentes, coma sempre: o meu pai e o meu irmán maior queixándose de todo e o resto da familia en silencio. Pero non podía sacar da cabeza o que me dixo a vella viúva nin a luz por entre a herba. Tiña metido na cabeza que as dúas cousas tiñan relación. A cuestión era a seguinte, ¿ía onde a vella ou non ía? Coñecíame ben a min mesma... Sabía que ía ir, porque a miña curiosidade supera todo o coidado que eu poida ter.

Agardei a que todos durmisen. Saín con coidado de que non me visen os que gardaban o gando aquela noite e metinme na pequena separación da tenda dos meus pais e da dos veciños. Mirei cara ó ceo. A Lúa estaba ben tapada por dúas nubes ben gordas que non parecían ter ganas de moverse.

Alí, metida entre as dúas tendas, deume por cavilar en cousas que, debido á miña impulsividá, non cavilara durante todo o día. Por exemplo, na luz que vira... ¿E se tan só fora un lucecú? Inda que sería bastante raro porque o río está a uns dous quilómetros... Era raro pero non imposible. Entón non gardaría nada que ver coa vella viúva e as razóns polas que me citou tan tarde e nun lugar tan afastado de onde adoitamos quedar. Así que, ¿que demo podería querer? Tal vez sexa unha proba para ver se confío nela ou se lle quero. Ou quizais estivo gardando un gran segredo durante moito tempo, non a-guenta máis e precisa contarollo a alguén...

De súpeto, mirei cara ó ceo. As nubes negras e gordas empezaron a moverse e pouco a pouco deixaron a Lúa descuberta, en todo o seu esplendor. Non o pensei dúas veces: corrín a todo velocidade cara á árbore que me dixerá a vella en canto vin que os gardiáns do gando non miraban. Senteime pola parte da



árboore que daba á fraga para que non me visen e esperei a vella. Pasaron segundos, minutos, unha hora... A vella non daba chegado. Pero eu seguía coa esperanza de que aparecese. E miraba ó ceo cheo de estrelas. Nunca me fixara no ceo estrelado tanto como aquela noite. Tiñame quedado mirándoou durante horas mentres admiraba a súa beleza, pero aquel día notaba algo raro nas estrelas. Decateime de que había algunas que, a pesar de que eran más pequenas ca outras, brillaban moito más. Outras facían como debuxos no ceo se as uníñas cunha liña imaxinaria. E así pasei o tempo, facendo debuxos coas estrelas.

Pechei un momento os ollos por culpa da fatiga e, cando os volvíñ abrir e mirar ó ceo, pareceume que os debuxos que fixera se xuntaran facendo unha especie de camiño dourado que cruzaba o ceo. Coma un camiño de estrelas...

Baixei outro cacho a vista e pestanexei varias veces. Entón, por entre a herba, volvíñ vela... Unha pequena luz... Esquecinme por completo da vella viúva e do que

me tería que dicir e corrín detrás do resplandor, que se elevou ata poñerse á altura dos meus ollos. Mentres corría, comezou a soprar o vento, un vento ben forte que me levantaba a roupa e me alborotaba o pelo, e comezou a facer frío, moito frío, pero nada me podía facer parar; tiña que saber que era aquela luz.

Mentres corría detrás da luz volvíñ pensar na posibilidade do lucecú, mais cando estiven o suficiente preto do resplan-dor vin que estaba coma "oco". Ali non había ningún animal.

Cando conseguín botarlle a man, a luz dividiuse en dous... ou más ben, apareceu outra da nada. Pero a cousa non quedou aí. Apareceron moitas luces más, cada unha co seu tamaño e intensidade. Sentinme elevarme pouco a pouco. Sentinme feliz con aquellas luces e, a pesar de que o frío seguía a aumentar, non quería da-la volta aínda.

Cada vez aparecían más luces e cada vez sentíame más arriba e más feliz. ¿Era isto o que a vella me quería ensinar? ¿Por que? Recordei aquel alcume "Estreliña". Recordei que a vella dicíame que me chamaba así porque a primeira vez que reparou en min foi durante unha celebración á noite, mentres eu miraba as estrelas sen pestanexar. Recordei á miña



familia e ós meus amigos. Recordei á tribo. Parei en seco. ¿Que estaba a facer? As luces pararon canda min.

De súpeto, sentín un medo enorme.

-¿Que fago? – repetín en alto os meus pensamentos.

Mirei aquelas luces. Parecían agardar por min.

“¿Queres a liberdade, Estreliña?” murmurou unha voz dentro da miña cabeza. Unha voz que non parecía a miña.

-Quero, si.

“¿A que agardas? A liberdade espérate”.

As luces puxérонse ós meus pés, formando un camiño dourado. O meu camiño. O Camiño das Estrelas.

• • •

Espertou ben cedo e ergueuse para preparar o almorzo. Estaba aínda moi cansa e, se se erguía un pouco máis tarde, aínda tería tempo; pero por non oír ó seu home...

Necesitaba auga, e foi de novo á zona do dormitorio para espertar a súa filla maior, pero en canto chegou ós pés do leito dun dos seus fillos más pequenos viu que a filla que buscaba non estaba e o seu leito estaba baleiro. Saíu fóra. O Sol inda non saíra de todo, pero xa algúns homes começaran a saca-lo gando para levalo ó herbal. A filla da súa veciña pasou por fronte dela e parouna preguntándolle se vira á súa filla. A resposta foi negativa.

Unha man tocoulle no ombreiro, deu a volta e viu a tola da viúva do mago. Sorría. Botouse un pouco para atrás.

-Túa filla maior... ¿Está?

-Non – respondeu con frialdade.

A vella sorriu.

-Parece que a túa filla cumpliu un gran soño...

-¿Que soño?

-Atopou o Camiño das Estrelas.



# PRIMEIRO PREMIO DE POESÍA – BACH.

## O REXURDIR DA PATRIA


Escuras bágoas de antano  
que da terra nai xurdiron,  
esquecidas e apartadas  
do seo dos corazóns limpos.

Escrava lingua materna  
que por nós fuches deixada,  
volve ó teu lugar,  
enche as nosas palabras.

Medo dos fillos da terra  
medo a seren feridos  
con fusís de lembranzas  
e con bombas de inxustiza.

Son doce do centro da Terra  
son lene da nosa lingua  
son branco de luz e cores  
son fresco que a nós recorres,  
busca en nós a vida  
a forma de revivi-la fala,  
de acabar por fin coas mentiras,  
de esquecer tódalas bágoas,  
de devolverlle á nai o que é dela,  
de recoñecela como nación que é.

Sen medo a ser xulgados  
con forza e sen prantos,  
herdeiros da nosa Historia,  
fillos da nosa patria,  
que mellor alento para avivala,  
para espertala e dignificala!



M<sup>a</sup> Carmen Bacariza Rey. 2º B. BACH.


# CÓNTAME UNHA BATALLIÑA

A batalliña da que vos vou falar podería chamarse “UN DÍA DE INSTITUTO”, e é a que pasamos tódolos días para ir ó colexiio, que ás veces custa tanto.

Soa o espertador, ou no meu caso as cinco alarmas do móbil, que me indican que debo erguerme para prepararme e ir ó colexiio.

Xa vou pensando mentres lavo a cara qué roupa poñer para non chegar á habitación, abri-las portas do armario e pasar case dez minutos a escolle-la roupa para poñer. Ben, xa estou vestida e vou almorzar; teño a sorte de ter unha nai moi boa que se levanta e me fai o almorzo. Cando chego á cociña ainda levo un ollo medio pechado, a voz dos presentadores do telexornal de pola mañá espíleme algo máis. Estou sorprendida: ¡ocomo poden ter tan boa cara ás oito da mañá?! Esperto de todo cando queimo os labios co leite, e logo penso: ¿porque non lle sopraría antes? Pero tanto ten, agora xa me queimei.

Remato o almorzo, a comida máis importante do día, como me di miña nai sempre que vou con presa e bebo só un pouco de leite, e volvo ó cuarto de baño a lava-los dentes. Xa estou preparada e agora é cando collo unha chaqueta, a carpeta e a mochila cos li-




bros que vou usar durante todo o día. Dígolles adeus a miña nai e a miña irmá, que aínda queda na cama, abro a porta e saio.

Baixando as escaleiras doume de conta de que vai algo de frío, pero como non teño ganas de volver dentro e teño medo de perder lo bus, sigo para adiante. Vou andando ata a paraxe, e mentres non vexo que xa hai alguén na marquesiña sempre penso que xa pasou o autobús e vou apurada ata o cruzamento. Logo subimos ó bus e, se non é un dos más vellos e o chofer non está de malas, igual témo-la sorte de que poña a calefacción e imos ben quentíños ata o instituto. No bus vólveme o sono; vou tan aparvada mirando pola ventá, que me dá gana de botar unha soneca.


Sen decatarme xa estamos no colexiio; cando abren a porta, Chus e mais eu imos para a clase e sentamos alí ata que toca o timbre. O de tódalas mañás: entra xente e saúda; entran outros e non saúdan; entra Ángela e solta un "Bos días!!" cheo de vitalidade; chega Conles coa moza a deixar a mochila; entra Fátima berrando con María e así aproxímase a hora á que soa o timbre e comezan as clases. Por exemplo, un día coma hoxe, un venres:

a primeira hora, todos estamos medio durmidos e toca Lingua Castelá; e entre recursos estilísticos e tipos de estrofas a clase pasa; segunda hora, Bioloxía; xa estou algo más espirta e chega Outón explicando a célula e xa á terceira hora vén



Lois coa súa Filosofía, cando teño que ler tódalas cousas que escribín onte diante de todos vós. O recreo, o noso descansíño, no que aproveito para come-lo bocadillo e recuperar forzas. Este remata rapidamente e volvemos entrar para dar Matemáticas con Hilda, a preguntar as últimas dúbidas, que o luns temos exame. Acaba a clase e baixo para Música, onde Pedro nos espera disposto a gravar tódalas nosas composicións. Última hora do venres, xa teño algo de fame e ganas de volver á casa; estamos con Rivas falando da física e da química e, mentres pasamos mil cantidades de gramos a moles e de moles a gramos, a clase xa rematou; e mentres eu recollo o caderno, a metade da clase xa vai fóra.


Ó saírmos temos que esperar polo bus, coma sempre, e cando subo xa non teño sono senón fame. Chego outra vez á para-xe, despídome das amigas e vou co-mer. Cando remato descanso un pouco, vexo a tele, escoito música ou estou no ordenador, aínda que sei que debo ir facer os deberes para non deitarme moi tarde e mañá ter pouco sono. Fago as miñas tarefas e, despois de cear, vou durmir para prepararme para a batalla de mañá.



**Hadriana Buceta Villaverde, adicado a 1º A. BACH.**

# A CLASE REAL

Quén me ía dicir a min, unha periodista de tan pouca sona, que ía recibir un traballo tan importante. Estaba algo nerviosa cando cheguei, porque só fixera un par de entrevistas. Non coñecía a ninguén e pensei que aquilo era unha broma ata que me dei de conta de quen eran eses rapaces. Parecíame mentira, pero estaba entreyistando os fillos e fillas dos reis más importantes do mundo. Estaban no colexiio, e cando cheguei puxéronse moi contentos, xa que grazas a min non tiñan clase durante todo o día e o que conto a continuación é o que descubrín das vidas das nosas princesas e príncipes.



Vanesa María das Dores: o seu propio nome indica o contrario do que parece; esta rapaza é un demo e sofre moito, si; pero sofre porque lle doe a cara de tanto rir. É que non para en todo o día. Se é

certo iso que din de que, se ris, vives máis, creo que ela xa pasa dos trescentos anos.

Francisco Manuel Pepe Luís: adora a natureza, e non o digo soamente porque sempre ande pola carballeira; porque ademais diso el é quen de saír aquí e poñerse a falar diante de todos de carballos, mulas, burros etc.

Lorena María Laura Xosefa: a protestante, defende as súas ideas sobre tódalas cousas e nin se vos ocorra leala dándolle mil voltas á mesma cousa, porque se enfada e repíteche o que pensa dez veces más ata que o entendas.

Bea Carla Xoana Rosa: unha rapaza moi tranquila, ou iso é o que parece ata que sae a le-lo seu monólogo e cambia totalmente de personalidade. Logo fálache de galiñas que voan e cousas así. E non te esquezas do nome do lugar onde vive porque aí si que saca o monstro que leva dentro.

Marta Lorenza Antonia: desde pequena colleu unha mala postura nas costas e agora xa non o pode remediar por moito que os profesores lle berren. Unha das súas paixóns é facerlle debuxos para o profesor de ximnasia; pero vaia debuxos: dixerónme que facía sempre bonecos cos nomes dos músculos e cousas así...

Carlos Antonio Xosé Rubén: un rapaz alegre; se non é futbolista, quere selo, pois non deixa de falar do tema en todo o día. Un defecto que ten é que nunca saúda ó entrar pero, como todos sabemos, ningúén é perfecto.

Fátima Moncha Maripaz Ramona: unha rapaza un pouco rara, pois só pensa en facer tríos, en ver ó que está na farmacia e non deixa de berrar en todo o día. Vaia elementa...

César Roberto Raúl Manolo: ten a esperanza de chegar algún día de primeiro á clase de música, pero aínda non o conseguiu. Recibe algunha que outra berra por chegar tarde pero todos sabemos que é culpa do autobús, que nunca pasa a recollelo.

Chus Daniela Elisa Pilar: a máis gorda da clase (non quero ofender). Encántalle collar apuntamentos de Bioloxía e, se puidese, creo que o faría durante todo o día. Odia mirar pola ventá e por iso cerra sempre a persiana da habitación. Teño entendido que odia ó veciño.

África: a única rara que ten un só nome. É unha rapaza moi traballadora e semella que será unha boa presentadora de TV, xa que adora facer cousas diante de moitas persoas, e o que máis lle gusta é le-los extensos monólogos que fai en Filosofía.

Manuel Cristina Moncho Pepe: está obsesionado co xogador Aritmendi e a verdade non sei que lle ve... É un dos componentes dese trío que algunhas tanto desexan. Debe ser sevillano ou seguidor de Isabel Pantoja porque cando lle dá por aí solta uns "olé" que te deixan abraiada.


Ángela Leonor dos Santos: xa polo nome vemos que é a más famosa de todos por ser parente próxima dos reis de España. ¿Non vos soa o de Leonor dos Santos? É a que manda nos demás e descubrín que entre as súas manías está a de chegar á clase berrando, a de ir a buscar xices ou a de poñer pantalóns curtos en pleno inverno, entre moitas outras.

Yanín Alberta das Mercedes: está científicamente demostrado que non sabe facer monólogos, por iso os seus textos aparecen sempre entre os favoritos. Debe ser unha rapaza moi nerviosa xa que

non para de moverse mentres le o monólogo áinda que Lois lle diga que estea quieta.

Bea Sofía Rita Laura: desde que onte o profesor de Física desfixo os grupos está moi contenta, ata comunicou oficialmente que ía suspender. É unha rapaza moi calada, pero, iso si, se ten dúbidas, pregunta ata que o entende.

Naiara Carla Trini Laura: está enganchada ós "kinder maxi"; cómeos a tódalas horas. Colleu unha depresión cando viu que sacou un 6'3 ou algo así no exame de Física e Química; ela quería un 3!! E eu enténdoaa, a onde vai cunha nota así.



Logo de eu facer esta extensa entrevista xa non podía máis e nin sequera sabía se sería un bo traballo. Espero que vos gustase, sinto non ter falado de tod@s e espero que ninguén me tome a mal este artigo.


**Hadriana Buceta Villaverde. 1º A. BACH.**

# O AMOR DA MIÑA VIDA?

Creo que todas vós vos sentiredes identificadas con algunha canción. Esa que non podes de deixar de escutar, que vos pon a pel de galiña, que fai que todo pareza agradable e que vos axuda a sentirvos mellor.


Ben, pois a min esas sensacións transmítemeas non unha, senón todas e cada unha das pezas que forman o puzzle que conforma esa realidade: a música.

Os meus comezos musicais, alá polo 95, non son gloriosos precisamente: era, e fun ata hai dous ou tres anos, fan de, vaia, mirádeme e fliparedes, Backstreet Boys. Si, xa sei que parece imposible, pero así é. O caso non eran as cancións en si senón o que significaban para min. Non entendía o que dicían; limitábame a repetir os sons que escutaba pero, áinda así, apaixonábanme. Aínda agora, cando a parte máis cándida da miña guitarreira alma mo pide, poño algúns dos seus discos.



Para min, a música é unha vía de escape. Dende pequerrechiña acostumeime a estar soa. Os meus pais separáronse, o meu irmán ía ao seu, a miña nai non sempre podía estar comigo e ademais non tiña amigos. Eu sentaba no meu cuarto e escutaba música, de forma que me sentía acompañada e menos triste; actuaba comigo coma un anti-depresivo, e por fortuna non perdeu ese efecto.

A meu irmán gústalle dende pequeno o rock dos 70 e 80, de forma que estou familiarizada con Prince, Queen, Europe ou Deep Purple. De feito, a melodía do meu móvil é deste último grupo. Sempre me fixo sentir ben pasar por diante da porta da súa habitación e sentir o rumor das súas cancións; son sensacións inexplicables.



Foi arredor dos 12 anos cando comezou o meu cambio. O meu ex-mozo deixoume o CD *Hybrid Theory*, de Linkin Park. A primeira vez que o puxen quedei horrorizada. Desagradoume tan fondamente que o abandonei seis meses á súa sorte nun caixón. Despois, un día, atopeíno e decidi poñelo, a ver que pasaba. O meu brando e popeiro oído non estaba afeito a sintetizadores, gui-tarras eléctricas e voz

gutural, pero non me causou tanto noxo como a primeira vez; ata me resultaron algunas cancións estrañamente harmoniosas.

Hai tres anos recibín un golpe moi duro e suminme nunha depresión. Desa época, só recordo que me movía como unha pantasma, que nada tiña sentido. Unha noite de domingo escoitaba o meu programa de radio favorito, cando puxeron a primeira canción, que, en moito tempo, me tocou fondo. *We Believe*, de Good Charlotte. Dous días despois, merquei o seu CD. Parece mentira o que algo tan aparentemente ordinario pode facer sobre unha persoa que atravesa momentos difíciles. As dezaseis cancións dun disco que falaba das “crónicas da vida e da morte” empuxáronme fóra dese burato no que cada vez me fora afondando más e más.

Agora, no meu momento presente, considérome unha persoa más ou menos feliz, pertencente de corazón á corrente emocore, que treme con cada nota dunha canción e que mira para atrás vendo o longo e duro camiño que tivo que percorrer, e ainda o que me queda, pero sempre da man da más fermeira Arte.

Eva G. Torrado. 1º E. BACH.

# FRASES DE PROFES

## FILOSOFÍA

“A”, a primeira letra que o burro dá. Vou ser burra e dicilo outra vez”  
“Fixádevos onde fallastes, porque iso significa que aí hai un fallo”  
“Os homes están dominados pola alma concupiscible”  
“Por moitos títulos de xeómetra que tivese...”  
“Son tan parviña que só me decato eu”  
“Imos dicilo máis pequeniño”  
“Vóuvelo dicir a voz viva”



## INGLÉS

“Na carta tamén podedes incluír unha despedida pequeniña de bicos”

## QUÍMICA

“O carbono di: “Agora vou e hibrídome”  
“Se se oxida, é porque hai alguén disposto a reducirse”

## CASTELÁN

“Imos poñer dúas datas de exames: o primeiro farase, e...o segundo tamén se fará”  
“Vou parar a facer gasolina”  
“Mondaria é unha prostituta pero está en desuso”

## CIENCIAS DA TERRA

“Nós, que somos granito...”



## GALEGO

“Tendes as cabezas cheas de paranoias”  
“Ímolo ver: plan, plan, plin, plan”  
“Logo pensaredes: “Este cabrón...”  
“É unha novela que durou o que durou”

## BIOLOXÍA

"Nana nino, no oí nada..."

"Patachín, patachán"


"Ven aquí, híbrido!! Non podes... (falaba co can)"

"Estás moi leuco!"

PROFESOR: "Dime un peixe azul"

ALUMNO: "Bonito"

PROFESOR: "Ah, grazas!"



ALUMNA: "Jo, profe, tirouse da moto poñendo este exame, eh!!"

PROFESOR: "Si, non ves como estou todo mazadiño?!"

- "Ola, son paraguaio e veño para pedirlle a man da súa filla

- Para que?

- Paraguaio" (chiste do profesor de BIOLOXÍA)

## HISTORIA

"Unha familia come 1200 kg de pan ó día"

"Non sexades porcos, cochos, guarros..."

"Vai haber preguntas concretas, e non me refiro ás que se comen"

PROFESOR: "Señora...."

ALUMNA: "Non, señorita, por favor"

PROFESOR: "Se necesitas dun home para ser señora... *chungo!*"

PROFESOR: "Gardade as calculadoras, que para iso tendes dez dediños"

ALUMNA: "Eu teño nove"

PROFESOR: "É certo, podes eliminar o que chupades"

PROFESOR: "Isto aparece na constitución do 39"

ALUMNA: "Pero, hai constitución do 39?

PROFESOR: "Non, muller, do 36"

ALUMNA: "Será do 37"

PROFESOR: "Ah, si. É que do 39 iamos dicir outra cousa"

ALUMNA: "Que tal os exames, profe?"

PROFESOR: "Ben, grazas"

ALUMNA: "Profe, queríamos saber as medias"

PROFESOR: "As medias? Ela tenas negras, eu tamén, e ti non sei..."

Ángeles Devesa Folgar e Rocío Vilariño Rey. 2º B. BACH.

# MARÍA MARIÑO CAROU

Naceu en Noia no ano 1907. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou, era a cuarta de cinco irmás. A súa infancia e xuventude están marcadas polas dificultades económicas da familia e os poucos anos de escola. Despois traballa como costureira polas casas. As amigas lémbraña como unha persoa estraña e solitaria. O tráslado a Escarabote (Boiro), onde unha tía súa traballaba de cociñeira no Pazo de Goián, que tiña unha biblioteca, permítelle o acceso a algunas lecturas. Ese descoñecemento da cultura "libretista" é un dos aspectos subliñados por Uxío Novoneyra sobre a súa figura.


Casa en Boiro co mestre Roberto Posse Carballiño e, despois dun breve período de tempo en Euskadi, onde morre o seu único fillo ao mes e medio de nacer, regresa co seu marido a Galiza. Por motivos de traballo, primeiro instálanse en Romeor do Courel e logo, en Parada, a onde se trasladan por consello médico a causa da depresión nerviosas que sofre a escritora. Esta fai algunha viaxe a Noia e Monforte, e nos últimos anos pasa as vacacións na cidade da Coruña. No Courel coñece a Uxío Novoneyra, quen lle axuda a publica-lo seu primeiro libro.

A obra de poemas *Palabra no tempo* editáse no ano 1963 na colección "Tesos Cumes", da editorial Celta. María Mariño comezara a escribir seis anos antes; primeiro en castelán, logo en galego. Sen apenas relacións no mundo literario, o illamento e a marxinación que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra. Creación singular no contexto da literatura galega, María Mariño non obedece ás normas: a súa é unha poética crebada que tensa e racha a lingua á procura da voz que exprese ese "raro e valiosísimo mundo escuro", que, en palabras de Méndez Ferrín, constitúe a súa obra. Habería que

agardar vinte e sete anos dende a publicación de *Palabra no tempo* para que se dese a coñece-lo seu segundo libro.

No volume *Verba que comenza* recóllese unha ampla mostra dos poemas escritos por María Mariño no derradeiro ano da súa vida, enferma xa de leucemia. Tamén escribira dúas obras poéticas en castelán que non se coñecían. No ano 1994 Edicións Xerais publica a obra completa. A súa figura suscitou e segue a suscitar interpretacións diversas.

Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel. Este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas a ela, a terceira muller que se homenaxe en corenta e catro anos. Isto demostra esa marxinación á que se ven abocadas moitas mulleres por seren dese sexo. Por iso debemos alegrarnos de que este ano sexa unha muller a protagonista do Día das Letras Galegas.



Fátima Figueiras Rodríguez. 2º ESO

# LÍRICA

V / III / MMVI

Na noite que cobre os beizos  
entre as toxeiras dos pensamentos  
a auga alcanza o colo da botella  
medio baldeira, medio chea.

Fogar de corazóns rotos baixo o manto dos tolos,  
amigos que xamais foron un apoio fixo,  
estou comezando a estar peor  
tras dous anos de dor.



A alma tan só é parte portátil  
que ao corpo dota de dozura e saudades  
que agocha a lembranza do aire  
no que voa libremente e áxil.

Ti pechas os teus ollos tristes,  
tan líquidos e adozantes  
que me bañan na súa luz  
de estrelas de cor azul.

E eu que quería chegar tan lonxe  
como ninguén alcanzou,  
para murmurarche como hoxe  
o meu latente soñou.

Bile que foi parte dun sentimento,  
imaxinácións, ilusións, fusilamentos,  
luces, lóstregos, desfalecementos,  
lánguidas lágrimas, pigmentos  
dese sangue que o cobre todo.

Antigamente pensaba que sería fácil  
mais os antes, desa forma tan lábil  
e ferinte das lancetas das saudades  
que van no tempo, que son velocidade.

Eva G. Torrado. 1º E. BACH.

# NARRATIVA

## ¡NON QUEREMOS SER DEMOSTRATIVOS!

Este, Este e Isto naceron na pequena aldea dos Demostrativos, pertencente á provincia dos Adxectivos Determinativos, no país da Gramática. Malia isto, o Isto era un pronome.

Os tres eran irmáns pero tiñan soños diferentes. Este quería visitar o país da Ortografía. Desexaba ve-lo exército dos signos de puntuación, coñecer algúin hiato co que establecer unha relación de amizade e, por suposto, ve-la gran cidade do Alfabeto.

Esta, porén, desexaba ve-lo gran país da Literatura. Encantábanlle os libros e por iso soñaba con visitar ese país. Fascináballe a narrativa, mais tamén soñaba con interpretar unha famosa obra de teatro ou escoitar unha fermosa poesía.



Isto non desexaba saír do país. El só quería visita-la Comunidade Autónoma dos Verbos. Encantábanlle os verbos, e cada vez que facían unha oración con el, quería estar ó lado dalgún verbo. O problema era que non o deixaban: sempre tiña que estar ó lado dalgún adxectivo indefinido.


Así que, cansados da mesma rutina de sempre, Este, Esta e Isto decidiron marchar ó lugar dos seus soños.

Encamiñáronse, pois, cada un ó seu destino. Este camiñou cara ó Norte, e, camiñando, camiñando, atopouse cun pronome que andaba algo extraviado.

—¿Onde se dirixe vostede? —preguntou Este.

—A verdade é que non sei por onde ando —dixo o pronome.

- ¿Vostede cara a onde se dirixe? —preguntou o pronom.
- Eu vou cara ó Norte, ó país da Ortografía —contestou Este.
- ¿Pero vostede non é da aldea dos Demostrativos? —volveu preguntar, estrañado, o pronom.
- Si, pero xa non quero seguir traballando alí e vou como mestre de acentuación ó país da Ortografía —respondeu Este.
- Logo... ¿molestaríalle que o acompañase? —preguntou o pronom.
- Non me molesta. Podes vir se queres. Eu chámome Este —dixolle.
- Eu son Ti —contestoulle o pronom.



que chegou non pudo entrar xa que estaba ocupada por un grupo de substantivos que compartían un campo semántico.

Total, que tivo que camiñar cinco quilómetros máis ata chegar a outra pousada.

Esta tivo sorte e pudo entrar a descansar. Ó chegar á recepción atendeuna un adxectivo cualificativo.

- Boas noites —saudou Esta.
- Boas noites. ¿Canto tempo vai estar aquí? —contestou o adxectivo.
- Supoño... que só esta noite. Mañá pola mañá sairei de novo ó camiño —dixo Esta.
- E logo, a onde se dirixe? —preguntou o adxectivo.
- Vou ó país da Literatura —respondeu Esta.
- Pero... ¿non é vostede da aldea dos Demostrativos?

E xuntos seguiron camiñando en busca dun mellor futuro.

Mentres, Esta continuaba o seu camiño sen descanso. Levaba todo o día andando e, como xa estaba a cae-la noitiña, pensou en parar nalgunha pousada.

Na primeira pousada á

— Son, pero xa estou cansa de face-las mesmas cousas nesa aldea. Vou cara ó país da Literatura como actriz de teatro —explicoulle Esta.

— Pois logo, boas noites —dixo o adxectivo.

— Boas noites —respondeu Esta antes de marchar para a súa habitación.

Isto fixera o mesmo que fixo Esta: botouse a durmir; só que, como el non tiña que ir cara a outro país, fíxoo na súa propia casa. Era a última noite que pasaba alí, así que durmiu coas sabas de seda que tanto gardaba para as ocasións especiais.

Amenceu despexado e o sol brillaba con tódalas súas forzas.

Este e o seu amigo Ti durmiran no camiño porque non querían perder nada de tempo.

Espertaron todo o rápido que puideron e xuntos continuaron o camiño cara ó país da Ortografía. Estaban seguros de que á hora de comer estarían alí. Esta ergueuse cedo e, logo de asearse e tomar algo de comida, colleu a súa mochila e baixou os chanzos da pousada. Ó chegar á recepción viu ó adxectivo cualificativo que a atendera o día anterior, sentado no chan cunha mochila ó lombo.

— Bos días —dixo algo estrañada Esta.

— Bos días —contestou o adxectivo.

— ¿Pero vostede non traballaba aquí? ¿Que fai así vestido? —preguntouelle Esta ó adxectivo.

— É que... sinto que aquí xa non fago nada e... ¿importaríalle que fose con vostede ó país da Literatura?

— N... non, non me importa que veña, pero marchemos xa —dixo Esta.

— Por suposto. Eu chámome Óptimo —contestou o adxectivo.


— Eu son Esta. —respondeulle.



Óptimo e Esta continuaron o camiño cara ó país da Literatura.

Para Isto era o derradeiro día. Ía marchar á Comunidade Autónoma dos Verbos, e rapidamente comenzou a súa viaxe.

Este e o seu amigo Ti chegaron á hora do xantar como fora previsto.



Comeron uns bocadillos e puxéronse a buscar aloxamento para comeza-la nova vida.

Esta, de igual maneira, chegou ó país da Literatura xunto do seu amigo Óptimo; e igual có seu irmán Este, púxose a buscar aloxamento.

Isto chegou moi rápido á cidade dos Verbos, pois collera o tren e nun par de horas xa chegara ó seu destino. E, coma os seus irmáns, púxose a buscar unha casa onde vivir.

Ningún dos irmáns atopou ningunha casa, así que se tiveron que aloxar en cadansez hotel. Á noitiña Este e Ti puxeron a televisión. O mesmo


tempo Esta e Óptimo, no hotel, conectaron a radio; e Isto, que estaba aloxado nunha pousada, púxose a le-lo xornal.

E casualmente os tres vieron ou oíron a mesma noticia:


"O país da Gramática está en crise. Concretamente na Comunidade Autónoma dos Adxectivos sucedeu unha gran traxedia. Desapareceron os demostrativos Este, Esta e Isto. Se non os atopan, o país irá a pique e con el tódolos demais, acabando ata co mundo".


Esta, Este e Isto déronse de conta da importancia de cada unha das palabras e rapidamente anunciaron a súa volta cara ó mellor país: o seu país da Gramática.

Todo volveu á normalidade no planeta Galego e agora reina a paz e a felicidade.



Susana Iglesias Porras. 1º ESO β





delen de

KUBARIO